



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE ADMINISTRACIÓN DIXITAL DE GALICIA

1.- Marco normativo e competencia.

O artigo 27 do Estatuto de Autonomía para Galicia atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de organización das súas institucións de autogoberno (artigo 27.1) e normas procesais e procedementos administrativos que se deriven do específico dereito galego ou da organización propia dos poderes públicos galegos (27.5). Pola súa banda, o artigo 28 establece que é competencia da Comunidade Autónoma galega o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado en materia de réxime xurídico da Administración Pública de Galicia (artigo 28.1) e en materia de contratos (artigo 28.2).

No ámbito estatal, de acordo co artigo 149.1.18 da Constitución Española, o Estado ten competencia exclusiva sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas e establecer o procedemento administrativo común.

No ordenamento xurídico estatal, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, supoñen un novo escenario normativo para a consolidación da administración dixital nas administracións públicas, e, polo tanto, tamén no sector público autonómico de Galicia.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, derroga expresamente a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e introduce de maneira transversal o emprego de medios electrónicos nas relacións entre as administracións públicas e entre estas e os cidadáns, xeneralizando o uso de medios electrónicos en todas as fases do procedemento administrativo.

No eido galego, cabe destacar a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, reguladora da organización e o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico, a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que promoveu a optimización dos recursos públicos, a eficacia na xestión e o logro da máxima coordinación dos distintos órganos e unidades administrativas como principios básicos que guían a actuación do sector público autonómico e a Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, que consagra legalmente o dereito da cidadanía á boa administración e a que se lle presten uns servizos públicos de calidade, así como a participar na avaliación da calidade dos servizos públicos, e establece que o sector público galego disporá dun sistema integrado de atención á cidadanía que garantirá a prestación deste servizo nas modalidades presencial, telefónica e telemática.

En materia de transparencia, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, regula a transparencia e a publicidade na actividade pública, entendendo esta como a desenvolvida cun financiamento público, así como o dereito da cidadanía a acceder á información pública.

Debe mencionarse tamén a Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, que proporciona o marco normativo adecuado para que a Comunidade Autónoma de Galicia desenvolva as competencias en materia de arquivos e documentos, permitindo articular unha xestión documental electrónica eficaz e eficiente, integrada na xestión administrativa xeral. A xestión documental electrónica, aplicada con carácter transversal e continuo dentro dun sistema de arquivos, serve para garantir a autenticidade, fiabilidade, integridade e dispoñibilidade dos documentos no seu ciclo vital, facilitar o acceso aos documentos e á información e preservar e difundir o patrimonio documental de Galicia nun entorno dixital.

Tomando como referencia este marco competencial, corresponde á Comunidade Autónoma a regulación do uso e do desenvolvemento das tecnoloxías da información e a comunicación no ámbito da Administración Xeral e do sector público autonómico. Así mesmo, no marco normativo sinalado, cómpre dotar ao ordenamento xurídico autonómico dunha regulación única, coherente, actualizada e ordenada sistematizando nunha norma legal a regulación relativa ás relacións dixitais «ad extra» e «ad intra» no sector público autonómico de Galicia, os dereitos das persoas nas súas relacións dixitais e que promova un réxime xurídico novo na administración dixital do sector público autonómico de Galicia segundo as prescricións establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2.- Necesidade e oportunidade

Xustifícase no expediente a adecuación da iniciativa aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica e transparencia, de acordo co disposto no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

A administración pública ha de situarse na vangarda do uso de novas tecnoloxías para dar resposta á relevancia na sociedade actual das tecnoloxías da información e as comunicacións, e debe ser capaz de adaptarse de maneira áxil ás novas demandas, proporcionar información e servizos dixitais en calquera momento, en calquera lugar e da forma máis conveniente para a cidadanía, as empresas e o persoal empregado público, nas condicións adecuadas de confianza e seguridade, así como habilitar canles de comunicación a través das cales se poida participar na definición e mesmo no deseño dos servizos públicos, de forma que estes se adapten mellor ás súas necesidades reais. Para iso, ha de emprender unha transformación integral e converterse nunha administración dixital.

A regulación proposta aséntase nos seguintes alicerces:

- a) Orientación á cidadanía. Asociada á universalización dos servizos en forma dixital e a garantir que a cidadanía e as empresas faciliten a mesma información a unha administración pública unha soa vez, co obxectivo de que a cidadanía e as empresas teñan que soportar a menor cantidade de cargas administrativas.
- b) Transparencia. Asociada a explicar a acción de goberno incluíndo a apertura de datos compatibles e reutilizables, que permitan coñecer e controlar o funcionamento das institucións públicas. Esta dimensión vincúlase á rendición de contas.



c) Participación. Asociada a fomentar a implicación da cidadanía, empresas, asociacións e profesionais na definición e avaliación de políticas e servizos públicos, permitindo aos cidadáns e cidadás contactar de forma directa cos seus gobernantes e a estes consultar permanentemente á cidadanía sobre as políticas. O uso da internet e das redes sociais propicia o xurdimento de novas fórmulas de participación, pero esixe que as administracións públicas deban redefinir o seu funcionamento e reformular a forma de facer as cousas para poder responder ás expectativas da sociedade.

d) Colaboración. Asociada ao desenvolvemento de fórmulas de traballo conxunto e transversal entre diferentes actores dentro e fóra da administración, incluíndo actuacións que comprenden iniciativas de interoperabilidade, innovación social e de coprodución. Ao relacionarse coa coprodución de servizos, a colaboración require a asunción de responsabilidade activa e constante por parte dos diferentes actores que participan

3.- Contido e estrutura

A presente lei estrutúrase nun título preliminar e sete títulos, seis disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e seis disposicións derradeiras.

O título preliminar, disposicións xerais, establece o obxecto, o ámbito de aplicación e os fins da lei. Este título establece os principios xerais de actuación que deberán rexer a aplicación das previsións desta lei. Destaca o relativo aos colectivos obrigados para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo ante o sector público autonómico. Esta previsión é adicional respecto daqueles colectivos indicados no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas. Igualmente recóllese unha previsión sobre o acceso da comunidade galega no exterior aos servizos públicos dixitais. Faise fincapé no desenvolvemento dos servizos públicos dixitais, nas súas condicións de uso e de acceso, nas previsións relativas á subministración única de datos por parte da cidadanía, e aspectos como a igualdade no acceso, o uso da lingua, a importancia da capacitación dixital e a avaliación da prestación dos servizos públicos dixitais.

O título I, das relacións coa cidadanía, regula diversos instrumentos e canles necesarios para as relacións «ad extra». O capítulo I define o modelo de sede electrónica da Xunta de Galicia, o seu contido mínimo e o seu réxime de titularidade e responsabilidade. Relacionado coa sede electrónica, o capítulo II, regula a Carpeta cidadá da Xunta de Galicia, amplía o concepto da actual Carpeta do cidadán para facilitar o acceso á cidadanía e empresas tanto á información de carácter persoal, como á información e documentación de carácter administrativo ou de prestación de servizos, así como a manter permanentemente actualizados e vixentes aqueles datos ou documentación que a persoa interesada poida achegar. A información dispoñible na Carpeta cidadá permitirá á administración pública, previo consentimento da persoa interesada, promover o desenvolvemento de servizos públicos dixitais en beneficio dos propios cidadáns, os denominados servizos proactivos, que se adianten ás demandas e necesidades dos propios cidadáns, permitindo unha maior información cara ao cidadán relativa aos seus posibles intereses na relación coa administración, así como a redución de trámites ou procedementos, simplificando en definitiva a súa relación coa administración pública.



O Sistema Único de Rexistro, regulado no capítulo III, está integrado polo Rexistro Electrónico Xeral, pola Rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro e, de existir, polos rexistros electrónicos de entidades instrumentais. Esta Rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro realiza as funcións de servizo público para a prestación de información, asistencia e/ou atención coordinada de acceso aos servizos públicos e nas relacións dixitais da cidadanía e empresas coas administracións públicas e a recepción e remisión de solicitudes, escritos e comunicacións. Polo tanto, estas oficinas desenvolven, entre outras as funcións encomendadas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ás oficinas de asistencia en materia de rexistro. Na súa configuración será necesario ter en conta a especial dispersión no medio rural, que abrangue máis do 80% do territorio de Galicia, así como a necesaria dotación suficiente de medios humanos e materiais para a atención da Rede.

Os capítulos IV a IX regulan a cooperación para a atención á cidadanía, as interaccións informais, a representación, a identificación e sinatura electrónicas, as notificacións e os medios de pago. As previsións sobre representación, coa creación do Rexistro electrónico xeral de apoderamentos de Galicia, identificación e sinatura, notificación e medios de pago incorporan no ámbito do sector público autonómico as especificidades destes elementos necesarios para asegurar o funcionamento dunha administración cen por cen dixital.

Os sistemas de identificación e sinatura electrónicos previstos nesta lei adecúanse ao disposto no Regulamento (UE) n.º 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior e pola que se derroga a Directiva 1999/93/CE.

O título II, do Diario Oficial de Galicia, regula o Diario Oficial de Galicia como medio de publicación oficial da Comunidade Autónoma de Galicia, a través do cal se dá publicidade ás normas, resolucións, actos administrativos e demais documentos e informacións que sexan obxecto de público coñecemento. O eido dixital facilita tamén a accesibilidade e interoperabilidade dos sistemas que publican normativa na internet. Prevé expresamente que no Diario Oficial de Galicia se promoverá a adopción das medidas que faciliten esa interoperabilidade.

O título III, da presenza do sector público autonómico na internet, estrutúrase en catro capítulos que regulan a presenza do sector público autonómico na internet como mecanismo para garantir unha adecuada información institucional, administrativa e de prestación de servizos e potenciar unha imaxe institucional homoxénea no acceso aos contidos e servizos ofrecidos polo sector público autonómico na internet. Regula o Portal web institucional da Xunta de Galicia, www.xunta.gal, a través do cal se poderá acceder á información institucional corporativa e ao resto de iniciativas de presenza na internet promovidas polo sector público autonómico, incluídos os servizos en mobilidade. O Portal web tamén asumirá as funcións do Punto de Acceso Xeral Electrónico. Ordénase a regulación da Rede integrada da presenza na internet (denominación que pasa a ter a actual rede integrada de portais da Administración xeneral e do sector público autonómico de Galicia), na que se incorporan como canles ordinarias de presenza na internet, ademais dos portais e canles sociais e participativas, as aplicacións de dispositivos de mobilidade, prevéndose, ademais, a posible integración na rede daqueles outras vías de relación que os usos sociais convertan en habituais. Incorpórase no capítulo III a regulación dos instrumentos para a



organización da presenza na internet, a través do Catálogo da rede integrada da presenza na internet e Guías de políticas web corporativas. E finalmente no capítulo IV regúlanse os dominios.

O título IV, do funcionamento dixital do sector público autonómico, inclúe as previsións sobre a organización da presenza na rede e regula aqueles elementos «ad intra» para o desenvolvemento da súa actividade. Así, o capítulo I, inventario de información administrativa, recolle a ordenación dos conxuntos de datos ou catálogos corporativos que con carácter transversal serven para a clasificación da información e documentación do sector público autonómico, garantindo a interoperabilidade entre sistemas e entre administracións.

O capítulo II, funcionamento dixital interno, regula tanto os procesos internos de tramitación administrativa como a emisión de documentos administrativos, as copias ou as comunicacións internas ou con outras administracións, co obxectivo de incrementar a eficiencia e a produtividade a través dun modelo de xestión dixital máis coordinado, integrado e que teña como eixo a perspectiva da cidadanía.

O capítulo III, procedementos administrativos e servizos dixitais, introduce a configuración dixital de procedementos administrativos e servizos, como instrumento de normalización e simplificación dos procedementos administrativos e servizos públicos dixitais co obxectivo de lograr unha maior interacción coa cidadanía e empresas.

No capítulo IV, en materia de identificación e sinatura, tendo en conta a regulación básica contida na Lei 40/2015, do 1 de outubro, se regulan os medios de identificación e sinatura a empregar polo sector público autonómico e inclúe a regulación de actuacións administrativas automatizadas.

O capítulo V crea o rexistro autonómico do persoal funcionario público habilitado para a expedición de copias auténticas e a realización da identificación e sinatura electrónicas das persoas interesadas que carezan dos medios electrónicos necesarios. Recóllese, así mesmo, a posibilidade de adhesión voluntaria das administracións públicas de Galicia.

O capítulo VI, interoperabilidade de datos e documentos, declara á entidade do sector público autonómico con competencias en administración electrónica como nodo de interoperabilidade do sector público autonómico mediante a plataforma de intermediación pasaXe! que prestará funcionalidades comúns para o intercambio de datos e documentos entre as administracións públicas galegas e o resto de administracións públicas. Destaca, ademais, a definición do alcance do Mapa de interoperabilidade do sector público autonómico que permitirá avaliar a demanda de datos e documentos, atendendo á súa criticidade e ás melloras que achegan, permitindo así priorizar os traballos de incorporación de servizos do nodo de interoperabilidade.

En materia de arquivos, o capítulo VII, arquivo electrónico administrativo, estende o alcance do arquivo a todos os expedientes do sector público autonómico en tramitación e os finalizados, así como aqueles expedientes finalizados doutras administracións públicas de Galicia que o soliciten.

O título V, dos medios, seguridade e continuidade da infraestrutura dixital, regula, no seu capítulo I, a infraestrutura básica necesaria para dar soporte á administración dixital. Esta infraestrutura básica deberá asegurar a prestación de todos os servizos dixitais a nivel de posto de traballo. Como punto básico



transversal, o capítulo II, medios dixitais para o desempeño da actividade, senta os alicerces para o desenvolvemento do posto de traballo dixital e os seus elementos fundamentais.

O capítulo III, seguridade da información e protección de datos, asegura normativamente a protección efectiva da seguridade da información e dos datos persoais conforme as normas previstas no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, así como da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Pola súa parte o capítulo IV, Plan de continuidade dos servizos dixitais, define o alcance dun plan transversal que permita garantir a continuidade dos servizos regulados nesta lei ante incidentes de seguridade. Este plan determinará os requisitos de seguridade, calidade e continuidade, as accións preventivas, correctivas e reactivas e o establecemento de responsabilidades que permitan garantir a dispoñibilidade dos servizos dixitais.

O título VI, do impulso dixital, busca aproveitar todo o potencial das TIC para a innovación tecnolóxica e o aumento das competencias laborais que requiren máis habilidades dixitais para competir a escala global. Así, o capítulo I, marco galego de competencias dixitais, define por primeira vez un proxecto transversal para a cidadanía galega que permitirá acreditar uns coñecementos, capacidades e aptitudes mínimas para contribuír ao desenvolvemento dunha sociedade competente e á mellora das competencias profesionais. A este respecto, cómpre destacar que o marco galego de competencias dixitais será de aplicación na definición das competencias dixitais mínimas do persoal empregado público.

Destaca así mesmo a definición da capacitación dixital do persoal empregado público como mecanismo para asegurar unhas competencias dixitais mínimas do persoal empregado público para o exercicio das súas funcións, así como os mecanismos de acreditación de coñecementos, capacidades e aptitudes no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións.

O capítulo III, fomento da innovación dixital no sector público autonómico, promove a innovación dixital e a mellora dos servizos públicos a través de medidas de impulso do fomento da innovación dixital no sector público autonómico.

O título VII, dos órganos e instrumentos para a coordinación, cooperación, colaboración e seguimento, incorpora os principios de coordinación no sector público autonómico e cooperación e colaboración necesarios para o exercicio da actividade administrativa de modo que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia. Actuará como órgano de coordinación a Comisión de Seguridade e Goberno Electrónico e créase o catálogo de sistemas dixitais que recollerá as aplicacións, sistemas de información e infraestruturas tecnolóxicas que se utilizan para o funcionamento dixital interno do sector público autonómico, así como para a prestación de servizos á cidadanía, e a relación con outras administracións públicas.

O capítulo II enuncia as atribucións que corresponden aos distintos órganos e entidades do sector público autonómico competentes en relación coas materias reguladas na presente lei.



No capítulo III, colaboración e cooperación entre administracións públicas, créase a Comisión de cooperación interadministrativa para o desenvolvemento dixital, como órgano técnico para a cooperación dixital entre as administracións públicas galegas, régúlase o intercambio de datos, informacións e documentos e a posta a disposición dos sistemas incluídos no Catálogo de sistemas dixitais.

No capítulo IV, créase o sistema de indicadores da administración dixital, como sistema para a medición da evolución e o impacto no desenvolvemento dixital do sector público autonómico e régúlase a súa xestión.

No capítulo VI configúrase o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización Tecnolóxica de Galicia, como órgano asesor dixital para a valoración da evolución da sociedade da información e a modernización tecnolóxica da Comunidade Autónoma de Galicia.

As disposicións adicionais refírense aos enderezos de acceso aos sistemas electrónicos, á continuidade na prestación dos servizos TIC, á contratación dos servizos e subministracións TIC para o desenvolvemento dos servizos dixitais, á asistencia á cidadanía no relativo aos servizos tecnolóxicos, vixencia e homologación de formación previa e actividades de prestación e persoal das entidades instrumentais do sector público autonómico de dereito privado.

As disposicións transitorias dedícanse, de xeito fundamental, a recoller as previsións necesarias para un axeitado tránsito á nova regulación, tendo en conta, en especial, que determinadas previsións da Lei 39/2015, do 1 de outubro, aínda non se atopan en vigor conforme ao disposto na disposición derradeira sétima da dita lei, na redacción dada polo Real decreto lei 11/2018, do 31 de agosto. O réxime transitorio ven referido ao Sistema Único de Rexistro, o Rexistro electrónico de apoderamentos e rexistro de empregados públicos habilitados, a interoperabilidade e a Rede integrada da presenza na internet.

Mediante disposición derradeira se inclúen modificacións da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, unha modificación puntual da Lei 16/2010, do 17 de decembro, da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación co funcionamento dixital dos órganos colexiados, e unha modificación da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de Arquivos e Documentos de Galicia. Por último, a lei contempla o mandato para o seu desenvolvemento regulamentario e a previsión sobre a súa entrada en vigor.

4.- Tramitación

O procedemento de elaboración do anteproxecto axustouse ao disposto nos artigos 6 e 16 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio.

Constan os seguintes trámites:

- Certificado do trámite consulta previa
- Certificado do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 08.02.2019, de inicio da tramitación
- Memoria xustificativa do 28.05.2018
- Memorias económico-financeiras do 11.07.2018 e do 17.01.2019





- Táboa de vixencias
- Certificado publicidade do artigo 9.c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, do 06.04.2018
- Remisión do texto aos sectores e entidades afectadas, alegacións presentadas e memoria do tratamento dado ás mesmas do 20.11.2018
- Informe de impacto de xénero emitido pola Secretaría Xeral de Igualdade, de conformidade co disposto no artigo 7º da lei 7/2004 para a igualdade de mulleres e homes do 06.06.2018
- Informe da Dirección Xeral da Avaliación e Reforma Administrativa do 14.06.2018.
- Informe da Dirección Xeral de Orzamentos do 05.02.2019
- Certificado da Comisión de Persoal do 19.11.2018
- Memoria económica de implantación de copias auténticas do 14.01.2019
- Solicitud de informe á Axencia Española de Protección de Datos do 26.02.2019
- Informe da Asesoría Xurídica do 08.03.2019
- Memoria xustificativa complementaria e do tratamento dado ás alegacións e observacións recibidas do 14.03.2019

A Memoria xustificativa do 14.03.2019 xustifica así mesmo a natureza da parte esencial da regulación contida no anteproxecto, segundo o establecido no Acordo do Consello da Xunta do 18.02.1999, para os efectos do disposto no artigo 5.1. da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia, entendendo que non concorren os presupostos para o seu sometemento ao ditame do Consello Económico e Social.

En virtude do exposto, á vista do expediente e tendo en conta a normativa vixente, esta Secretaría Xeral entende que o proxecto normativo cumpre os requisitos de legalidade e oportunidade para a súa elevación ao Consello da Xunta, para a súa aprobación como proxecto de lei.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2019

O SECRETARIO XERAL DA PRESIDENCIA.



Manuel Galdo Pérez